

## **XUBILEU DA MISERICORDIA**

### **MEMORIA AGRADECIDA POR UN ANO DE GRAZA**

Queremos dar grazas ao Señor por este Xubileu da Misericordia que celebramos en comunión co noso Bispo todos os fieis laicos, persoas de vida consagrada, sacerdotes, seminaristas e peregrinos doutras dioceses que quixeron atravesar o limiar da Porta da Misericordia da nosa Catedral con motivo deste ano Xubilar.

O día **13 de decembro de 2015**, un gran número de fieis, escoitando a invitación do Sr. Bispo de atravesar como peregrinos o limiar da porta Santa da Catedral, abríase a Porta da Capela de San Froilán, situada na fachada esquerda da Catedral, despois de permanecer pechada durante moitos anos. Foi todo un símbolo de achegamento a Cristo e á súa Igrexa. Por esta porta entraran noutro tempo numerosos peregrinos e fieis da antiga parroquia de San Pedro.

As peregrinacións foron recibidas polo Sr. Deán e algún membro do Cabido da Catedral na Praza de Santa María e despois dunha invitación ao silencio contemplativo, diante da Porta Norte, e á memoria da tradicional devoción ao Santísimo Sacramento na nosa Catedral, comezábbase unha sinxela peregrinación até a Porta Santa. Desde alí, os grupos, despois de acceder pola Porta entraban en procesión con cánticos de alegría e loanza ao Señor. Moitos grupos celebraban previamente o Sacramento da Penitencia na igrexa dos Padres Franciscanos ou confesaban na Catedral.

O **día dous de febreiro** celebrouse o Xubileu da Vida Consagrada coincidindo coa Clausura do Ano adicado precisamente á revitalización e oración polas persoas consagradas. O **día 13 de marzo** comezaban as primeiras peregrinacións dos arciprestados e distintas zonas da Diocese cunha nutrida representación das Parroquias de San Clodio, Quiroga e O Courel. As parroquias das comarcas de Samos, Sarria, Triacastela, Oural, etc. peregrinaron o **día 10 de abril**. Un grupo das Parroquias do Páramo acompañados dos seus sacerdotes peregrinaron o **día 17** do mesmo mes. Tamén en **abril, o día 23**, celebrouse o Xubileu dos Catequistas acompañados dos delegados de Catequese e Ensino. Neste mesmo mes, o **día 30**, peregrinaron as Parroquias da zona Meira e Ribeira de Piquín, acompañados dos sacerdotes da zona. O **día 5 de maio** celebrouse o Xubileu dos Operarios e Voluntarios da misericordia. E o **día 10**, coincidindo coa Festa do Santo Patrón do Clero español, San Xoán de Ávila, celebrouse o Xubileu dos sacerdotes. O día **15 de maio** un significativo grupo de laicos representantes de institucións apostólicas participaban no Xubileu dos movementos, confrarías e asociacións de Apostolado Segrar. E o **día 17** dese mes fixérono as parroquias da bisbarra de Monforte de Lemos. O día **21 de maio** peregrinaron as comarcas do Deza e Trasdeza (Lalín, Silleda, etc.) O **día 22** deste mesmo mes peregrinaron tamén un grupo de fieis da Parroquia de San Salvador de Poio (Pontevedra).

O **día 25**, o Colexio de María Inmaculada de Silleda viña á Catedral con case a totalidade dos seus alumnos e profesores. Así mesmo, o **día 29 de maio**, solemnidade do Corpus Christi, peregrinaron as parroquias de San Pedro de Arcos, Santa Eulalia de Dumpín e Santa María de Teixeiro. En xuño, peregrinaron o **día 4**, as comarcas da Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei); en xullo, o **día 23**, peregrinou desde Portugal a Parroquia de Viana do Castelo; o **día 28 de agosto**, fieis da Parroquia da Basílica de Santa María de Elxe (Alacante); en setembro, o **día 22**, peregrinaron á nosa Catedral enfermos, cos seus cuidadores e un numeroso grupo dos membros da Hospitalidade de Lourdes cos seus animadores procedentes de distintas comarcas da Diocese; o **día 25** participaron cantando na Eucaristía e peregrinaron os membros da Coral Vila de Móstoles de Madrid, coa súa Directora Irene Villamiel; o **día 2 de outubro**, celebrou a súa festa a Familia Adoradora da Diocese e peregrinou á S. I. Catedral; o **día 19**, peregrinaron, cos seus sacerdotes, fieis do Arciprestado da Fonsagrada; o **día 23** deste mesmo mes celebrouse o Xubileu Misionero organizado pola Delegación Diocesana de Misións; o **30 de outubro**, as comarcas de Becerreá, Baralla, Navia de Suarna, etc. participaron tamén no Xubileu, acompañados dos seus respectivos sacerdotes e persoas de vida consagrada; finalmente, o **día 12 de novembro** celebrouse na Catedral a Vixilia de oración pola reconciliación e a paz con motivo da clausura do Ano da Misericordia. As parroquias de Lugo uníronse ao Santo Rosario e á Vixilia da Oración e celebraron o sacramento da reconciliación.

O **día 13**, domingo XXXIII do tempo ordinario, ás 19.00h, o Bispo da Diocese preside a Eucaristía de clausura o Ano da Misericordia e anuncia con gozo a Indulgencia cotiá e permanente para a nosa Diocese. Ao final da celebración, o Vicario Xeral le, en castelán, as letras da Penitenciaría Apostólica expedidas e asinadas polo Penitenciario Maior, Card. Maurus Piacenza, o día 10 de outubro de 2016.

Foron miles de fieis os que durante este ano se achegaron á Catedral de Lugo. Pero máis aló dos números o importante é que moitos de nós deixamos abonar a nosa vida cristiá polo amor misericordioso de Deus escoitando a súa palabra, vivíndoa nos Sacramentos da Eucaristía e da Reconciliación e cultivando os froitos das Obras de Misericordia espirituais e corporais. Deste xeito, esperamos que o milagre da Misericordia Divina irradie en cada un dos fieis da nosa Diocese con xestos concretos e cotiáns destinados a axudar ao próximo e a facer o ben. Como froito visible diso, a Diocese abrirá unha Casa de Acolida para que os encarcerados, cando saian de prisión, poidan ser acollidos nun fogar e axudados a ser integrados de novo na sociedade. Que a Virxe dos Ollos Grandes, Señora da Misericordia protexa e coide coa súa santa mirada a todos os seus fillos.